



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Ourense debido á obriga de responder en tempo e prazo aos escritos presentados diante desta institución

Expediente: L.4.Q/6899/20

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Sr. Alcalde:

Como sabe, nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona ■■■■■ relativo ao imposto sobre valores de natureza urbán

ANTECEDENTES

O día 11/06/2021 entra o escrito de queixa de dona ■■■■■ que da orixe a un expediente cón número que figura no encabezamento deste escrito.

Na súa queixa, indícanos *“Que con fecha de entrada en rexistro xeral de la Xunta de Galicia, 7 de julio de 2020, presenté ante esa Institución ESCRITO DE QUEJA, (expediente: L.4.Q3443/20) por el persistente silencio del Ayuntamiento de Ourense a mi solicitud de devolución de ingresos indebidos presentada ante el mismo ya con fecha 5 de febrero de 2019.*

Que el escrito de queja fue contestado por esa Institución con fecha 2 de octubre de 2020 - hace ya más de 8 meses - trasladándome un informe al efecto del referido Ayuntamiento y comunicándome que a la vista del mismo daba por concluido el expediente.

No obstante, y como considero que ya ha transcurrido un tiempo más que prudencial para que el Ayuntamiento de Ourense resolviese y sin embargo continúa con su silencio, siguiendo su recomendación paso a reiterar mi queja”

Ante iso requirimos informe a ese Concello. O Informe municipal afirma, entre outras cousas, o seguinte:

- 1) Que sobre este asunto xa se emitira Informe no seu día no expediente L.4.Q/3443/20

- 2) *Que ainda non está resolta a petición da interesada en vía administrativa, “o que motiva que o procedemento a seguir sexa o de rectificación (se procede) da autoliquidación presentadano seu día unha vez se verifique que concorre no suposto de inexistencia de icremento de valor na transmisión do inmovble”*
- 3) *Que o atraso na resolución do procedemento responde exclusivamente á sobrecarga de traballo do Órgano de Xesitón Tributaria do Concello de Ourense, debida fundamentalmente á combinación entre o déficit de persoal (provocado pola conxelación das ofertas de emprego público no últimos anos) e o incremento exponencial dos procedementos de rectificación de autoliquidación do IVTNU dado que dende o 25 de xuño de 2017 presentáronse máis de 650 solicitudes deste tipo das que 450, aproximadamente, presentáronse antes que a da interesada (debendo resolverse os expedientes por orde cronolóxica de solicitude, como é sabido)*
- 4) *Que o Concello está preparando unha listaxe inmediata de persoal funcionario interino co fin de cubrir, primordialmente, dous postos vacantes no Órgano de Xesitón Tributaria do Concello de Ourense, conforme á RPT do concello, e que se confía en que este feito axude a paliar nun futuro o atraso na tramitación. O Informe advirte que o proceso de selección non está concluído.*
- 5) *Que desde o Órgano de Xesitón Tributaria do Concello de Ourense tratarase de axilizar a xestión dos expedientes pendentes á maior brevidade posible.*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

- 1) Esta queixa é a segunda presentada por dona ██████ que xa presentara queixa o 21/07/2020 diante desta Institución. No seu día, XXXXXXXX indicaba que presentara reclamación diante do Concello de Ourense o 07/02/2019 reclamando a devolución dos ingresos tributarios feitos en concepto de imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbán, ao non existir incremento e atendendo á sentenza do TC 59/2017, de 11 de maio. Dita reclamación on fora atendida
- 2) Aberta investigación nesta Institución, e solicitado Informe ao Concello de Ourense, o 02/10/2020 pechouse dito expediente concluíndo que, en base ao expresado polo Concello no dito informe, procederíase a tramitar o expediente que afecta a dona ██████ “na maior brevidade posible”.

- 3) O día 11/06/2021 rexístrase entrada de nova queixa dado que non houbo tramitación nin foi atendida a reclamación presentada pola █████. Solicitado Informe ao Concello de Ourense, recíbese dito informe o 15/07/2021 co contido que se reflectiu nos ANTECEDENTES desta Resolución.
- 4) Segundo se deduce da literalidade do Informe municipal, o *“atraso na resolución do procedemento responde exclusivamente á sobrecarga de traballo do Órgano de Xesitón Tributaria do Concello de Ourense, debida fundamentalmente á combinación entre o déficit de persoal (provocado pola conxelación das ofertas de emprego público no últimos anos) e o incremento exponencial dos procedementos de rectificación de autoliquidación do IVTNU dado que dende o 25 de xuño de 2017 presentáronse máis de 650 solicitudes”*
- 5) Debemos lembrar a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións públicas que no seu Artigo 21 fala da *Obligación de resolver*.

“1. La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación.

En los casos de prescripción, renuncia del derecho, caducidad del procedimiento o desistimiento de la solicitud, así como de desaparición sobrevenida del objeto del procedimiento, la resolución consistirá en la declaración de la circunstancia que concurra en cada caso, con indicación de los hechos producidos y las normas aplicables.

Se exceptúan de la obligación a que se refiere el párrafo primero, los supuestos de terminación del procedimiento por pacto o convenio, así como los procedimientos relativos al ejercicio de derechos sometidos únicamente al deber de declaración responsable o comunicación a la Administración.

2. El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. Este plazo y los previstos en el apartado anterior se contarán:

a) En los procedimientos iniciados de oficio, desde la fecha del acuerdo de iniciación.

b) En los iniciados a solicitud del interesado, desde la fecha en que la solicitud haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para su tramitación.

4. Las Administraciones Públicas deben publicar y mantener actualizadas en el portal web, a efectos informativos, las relaciones de procedimientos de su competencia, con indicación de los plazos máximos de duración de los mismos, así como de los efectos que produzca el silencio administrativo.

En todo caso, las Administraciones Públicas informarán a los interesados del plazo máximo establecido para la resolución de los procedimientos y para la notificación de los actos que les pongan término, así como de los efectos que pueda producir el silencio administrativo. Dicha mención se incluirá en la notificación o publicación del acuerdo de iniciación de oficio, o en la comunicación que se dirigirá al efecto al interesado dentro de los diez días siguientes a la recepción de la solicitud iniciadora del procedimiento en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para su tramitación. En este último caso, la comunicación indicará además la fecha en que la solicitud ha sido recibida por el órgano competente.

5. Cuando el número de las solicitudes formuladas o las personas afectadas pudieran suponer un incumplimiento del plazo máximo de resolución, el órgano competente para resolver, a propuesta razonada del órgano instructor, o el superior jerárquico del órgano competente para resolver, a propuesta de éste, podrán habilitar los medios personales y materiales para cumplir con el despacho adecuado y en plazo.”

- 6) Non parece que a falta de persoal se atope entre os supostos recollidos no Aritgo 22 da mesma Lei 39/2015 no que enumera as causas que poden xenerar “*Suspensión do prazo máximo para resolver*”
- 7) Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .
- 8) Recordámoslle que aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse unha administración local para facer fronte ao exercicio das súas competencias, iso non pode ser óbice para a inobservancia das normas básicas que o rexen, nin pode explicar que un expediente non se tramite nos prazos legalmente establecidos

- 9) En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sin demoras inxustificadas

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes, e neste obxecto da presente queixa en concreto, deberá actuar dacordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.



Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo